

## **SEMANA 2:**

A parte de continuar cos hábitos e tarefas para traballar a psicomotricidade fina sinalados na semana anterior , nesta semana traballaremos os seguintes aspectos:

### **MATEMÁTICAS: os números 1,2 e 3.**

- Facer en cartolina tarxetas cos números 1,2 e 3 e que os/as nenos/as poñan enriba de cada unha delas a cantidade que indica. Podemos empregar calquera obxecto que teñamos na casa (pinzas da roupa, garavanzos,...)
- Moldear con plastilina a silueta dos números.
- Recortar a silueta dos números. É moi importante que sigan recortando collendo as tesoiras da maneira correcta.
- Meter en botes garavanzos, fabas,... a cantidade que lle indiquedes.
- Continuar facendo series con diferentes obxectos.

### **ESQUEMA CORPORAL:**

- Debuxaranse a eles/elas mesmos/mesmas de maneira correcta intentando incluír o maior número de detalles posibles. Esta actividade pódena facer dúas ou tres veces á semana.

### **LECTURA DE CONTOS:**

- É moi importante que lle leades un conto ao día ao/a neno/nena. Así pasades un rato agradable con eles/elas.
- Despois de rematar o conto, podedes facer un debuxo sobre o mesmo ou intentar que eles/elas o conten a continuación.

### **O SEU NOME:**

- É moi importante que sigan escribindo o seu nome todos os días. Sempre en maiúsculas.

Un saúdo.

As titoras de 4º de Infantil